



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento

Materia	Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento			
Código	P02G050V01101			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Diz Gómez, José Carlos			
Profesorado	Diz Gómez, José Carlos Padín Iruegas, María Elena			
Correo-e	jcdiz@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias

Código	
B1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
C1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas
C2	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar
C3	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, na proposta de tarefas nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte
C4	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas
C8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
C16	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais ao campo da actividade física e a saúde

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	C1 C2
Conceptualización e identificación do obxecto de estudo da anatomía para o movemento.	B1 B2
Adaptación a novas situacións, resolución de problemas e aprendizaxe autónoma.	B1 B2
Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da anatomía.	B2
Coñecemento e comprensión dos factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	C3 C4
Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	B13

Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.	C8 C16
Coñecemento e comprensión dos fundamentos, estruturas e funcións das habilidades e patróns da motricidade humana.	C16

**Contidos**

Tema	
1. Terminoloxía anatómica	Xeneralidades: citoloxía, histoloxía i embrioloxía humana. Aparato locomotor: testa, colo, tronco e extremidades. Corazón e grandes vasos. Aparato dixestivo. Aparato respiratorio. Aparato xénito-urinario. Estesioloxía. Sistema Nervioso Periférico Craneal. Sistema nervioso da vida autónoma. Sistema Nervioso Central
2. Estrutura xeral do corpo humano	
3. Anatomía do aparato locomotor	
4. Neuroanatomía e esplanoloxía	
Temario práctico	Prácticas de citoloxía e histoloxía. Prácticas de disección i estudo dos distintos tecidos. Identificación de estruturas en modelos anatómicos.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	38	60.5
Prácticas de laboratorio	30	30	60
Exame de preguntas obxectivas	1.5	28	29.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia. Para o seu estudo os alumnos dispoñen en FAITIC das presentacións vistas na clase, así como material complementario, en versión dixital ou papel.
Prácticas de laboratorio	Con estas clases búscase que sirvan ó alumnos para una mellor comprensión e aplicación dos coñecementos teóricos. Tutorización individual ou en grupos pequenos para dúbidas e consultas. Realización de actividades tuteladas, con técnicas grupais participativas. Exercicios prácticos no laboratorio de Ciencias Morfolóxicas.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Aclaración de dúbidas e exposición en grupos reducidos de aspectos específicos da materia. Manexo tutorizado de fontes de información.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Prácticas: Puntuarase tanto a asistencia como a calidade das actividades realizadas nas prácticas. Valoraranse os exercicios realizados, tanto individuais como en grupo. A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz): $NF = NEC \times 0.3 + (10 - NEC \times 0.3) \times (NEF/10)$	30	B1 C1 B2 C2 B13 C3 C4 C8 C16
Exame de preguntas obxectivas	Exame teórico: Preguntas de cinco opcións, resposta única, sen puntuar negativos. Para aprobar é necesario contestar o 70% das preguntas correctamente. A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz): $NF = NEC \times 0.3 + (10 - NEC \times 0.3) \times (NEF/10)$	70	B1 C1 B2 C2 B13 C3 C4 C8 C16

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz):  $NF = NEC \times 0.3 + (10 - NEC \times 0.3) \times (NEF/10)$

Si non se superou a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na Convocatoria de Xullo. Manteranse os mesmos criterios en sucesivas convocatorias. As datas oficiais de exames poderanse consultar na web

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

DRAKE RL. VOGL A., **Gray: Anatomía para estudiantes**, 3ª ed, Elsevier, 2015

GILROY AM., **Prometheus. Atlas de Anatomía**, 2ª ed, Panamericana, 2013

LIPPERT H, **Anatomía. Texto y atlas**, 4ª ed, Marban SL, 1999

MOORE KL, **Anatomía con orientación Clínica.**, 7ª ed, Lippincott Williams and Wilkins., 2013

NETTER FH, **Atlas de Anatomía Humana**, 6ª ed., Masson S.A, 2015

OLSON TR, **A.D.A.M. Atlas de Anatomía Humana**, Masson-Williams & Wilkins, 1997

PAULSEN F. WASCHKE J., **Sobotta atlas de Anatomía Humana**, 23ª ed, Elsevier, 2012

WILLIAMS PL, **Gray Anatomía**, Elsevier, 1998

SCHÜNKE M, **Texto y Atlas de Anatomía**, 3ªed, Panamericana, 2015

### **Bibliografía Complementaria**

FAWCETT DW, **Tratado de Histología**, 11ª ed, Interamericana McGraw Hill, 1989

WELSCH U, **Sobotta. Histología**, Panamericana, 2014

---

## **Recomendacións**

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense as leccións maxistras, pero serán impartidas online a través das Aulas do Campus Remoto da UVIGO, mantendo a planificación horaria establecida na Guía Docente, cos axustes nos horarios e grupos que establece a Facultade. En caso de docencia mixta (presencial-virtual), haberá un grupo con docencia teórica presencial e outro con docencia online, divididos segundo a capacidade das aulas e segundo os criterios da Facultade.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Modificarase o desenvolvemento da docencia práctica en caso de non poder ser presencial no laboratorio de Anatomía. Parte das horas dedicadas ás prácticas impartiranse online nas aulas do Campus Remoto, con explicacións sobre os modelos anatómicos, algunhas en directo e outras con vídeos gravados.

Outra parte consistirá en traballo autónomo do alumno, que terá que realizar as fichas de tarefas de prácticas xa existentes, adaptadas ás condicións docentes, utilizando o módulo de tarefas de Moodle.

Por último, realizaranse avaliacións continuas do alumnado baseado nas tarefas e explicacións previas, a través de cuestionarios breves realizados en Moodle, e con preguntas orais online de forma individual no Campus Remoto.

En caso de docencia mixta (presencial-online), adaptaranse os grupos de prácticas segundo a capacidade do laboratorio de Anatomía, e reduciranse en función da capacidade do laboratorio os tempos de docencia presencial, sendo realizado o resto da carga docente de forma online.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

As tutorías realizaranse online a través do Despacho Virtual do profesorado (Prof J.C.Diz: Sala 670. Prof M.E.Padín: Sala 1827) no Campus Remoto, mantendo os mesmos horarios que as tutorías presenciais. Fomentarase a utilización do email para a atención aos alumnos, e Moodle como medio de difusión de información.

\* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Mantéñense os contidos da materia.

\* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Mantense a bibliografía da Guía Docente.

En caso de precisar algunha fonte de información adicional para a realización dalgunhas das tarefas prácticas, os accesos serán facilitados durante as clases prácticas.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A proba teórica mantén o peso indicado na Guía Docente (70%), do mesmo xeito que a avaliación continua das clases prácticas (30%), independentemente de si a docencia é presencial ou vía Campus Remoto.

\* Probas que se modifican

Si non se pode realizar de forma presencial, o exame final realizarase a través dun cuestionario en Moodle, coas mesmas características que o exame presencial.

A avaliación das tarefas prácticas en caso de non ser presenciais, realizarase a través do módulo de tarefas de Moodle. A avaliación continua das prácticas realizarase mediante cuestionarios en Moodle e avaliación oral individualizada no Campus Remoto.

---